



PROGRAMACIÓN

XERAL

ANUAL

CEIP de Cervo

Curso 2023/24

Data de aprobación en Claustro: 23/10/2023

Data de aprobación no Consello Escolar: 23/10/2023



ÍNDICE

1. Obxectivos, medidas e recursos no curso 2023/24	3
2. Concreción anual do Proxecto Educativo	4
3. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEAE	6
4. Cadro de organización pedagóxica	8
5. Calendario de reunións dos distintos equipos	12
6. Órganos de goberno	12
7. Xornada escolar e horarios do centro	14
8. Outros aspectos organizativos	16
9. Plan de organización da relación coas familias	19
10. Organización dos servizos complementarios	20
11. Plan de actividades complementarias e extraescolares	22
12. Participación en programas e proxectos de innovación educativa	25
13. Plan de formación permanente do profesorado (PFPP)	26
14. Aspectos curriculares	27
15. Plan xeral de avaliación	28
16. Addenda do proxecto lingüístico	29
17. Concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade	30
18. Concreción anual do Plan de convivencia	32
19. Concreción anual do Plan de igualdade	33
20. Concreción anual do Plan dixital	34
21. Plan de benestar emocional	34
Anexo I: Plan Anual de Lectura (PAL)	
Anexo II: Plan Anual de Actividades do Departam. de Orientación (PAADO)	



1. OBXECTIVOS, MEDIDAS E RECURSOS NO CURSO 2023/24

1.1. Obxectivos específicos

En torno ao proxecto interdisciplinar "NamorARTE" e partindo do traballo da biblioteca tentaremos conseguir os seguintes obxectivos:

- Fomentar unha **vida activa** no alumnado, tanto dentro como fóra das aulas, intentando que perdure no resto das súas vidas.
- Proporcionar ao alumnado estratexias para a xestión das súas **emocións**.
- Fomentar o respecto ao **medio ambiente** reciclando, reutilizando e reducindo os residuos da nosa vida cotiá.
- Achegar ao noso alumnado á súa **contorna natural**, concienciando da importancia de adoptar actitudes encamiñadas a protexer e mellorar o medio ambiente.
- Potenciar aprendizaxes no ámbito **STEAM**, a multialfabetización e o traballo colaborativo.
- Seguir co impulso da plataforma **EVA**, a **aula virtual** e do libro dixital.
- Desenvolver a **competencia dixital** da comunidade educativa a través do Polo creativo.
- Potenciar a **arte** e o noso patrimonio cultural e artístico.
- Asumir a **atención á diversidade** como principio orientador da metodoloxía de aprendizaxe.
- Potenciar o uso da **lingua galega** na actividade diaria do centro.
- Achegar ao noso alumnado outras culturas a través da lingua inglesa.

1.2. Medidas a desenvolver para a súa execución

- Continuidade no **Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares (PLAMBE)** e no **PLAN LIA.2** (Lectura, Información e Aprendizaxe).
- Continuidade nos programas **Bibliotecas creativas, Radio na biblio, Clubs de lectura e Lectura e familias**.
- Posta en marcha do novo espazo "**Polo creativo**".
- Programa de educación medioambiental **Voz Natura**.
- Proxecto **E-Dixgal** en 5º e 6º de Primaria.



- Plan Recupera-T: **PROA+**.
- CPIInnova **EDUsaúde**.
- **Plans Proxecta**: Proxecto Ríos.
- Actividades descritas no **Proxecto de fomento do uso do galego**.
- **Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)** con dúas liñas de traballo:
 - Competencia en educación inclusiva e coeducación.
 - Competencia didáctica (Polos creativos).
- **Escola de nais e pais**.

1.3. Recursos previstos para o efecto

- Investimento na biblioteca do centro a través do PLAMBE, das distintas partidas finalistas que aporten os distintos proxectos de innovación que solicitamos e dunha partida específica dentro do orzamento xeral do centro.
- Invernadoiro do centro, preparado para cultivar.
- Polo creativo, novo espazo co que contamos por primeira vez este curso.
- Radio escolar.
- Equipos E-Dixgal de alumnado e profesorado.
- Colaboración do Concello de Cervo para realizar a saída ao río Xunco de Proxecto Ríos.
- Axuda da nosa asesora do Centro de Formación e Recursos (CFR) de Burela para todo o relacionado coa formación.

2. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO

Segundo as liñas marcadas no noso Proxecto Educativo de Centro e que lle confiren unha identidade propia toda actuación desenvolvida deberá respectar os seguintes aspectos:

- Usará como lingua de comunicación coas demais institucións e coa a comunidade educativa a lingua galega que así mesmo será a lingua vehicular dentro do centro e das aulas e lingua de aprendizaxe prioritaria respectando sempre a lexislación vixente co que respecta a o uso do castelán.



- Planificar e promover actividades encamiñadas a unha normalización total do uso do galego dentro do centro e tamén para incidir na comunidade educativa con actividades que fomenten o seu uso normal.
- O centro fomentará a convivencia sen prexuízos entre os dous sexos. Procurarase a eliminación das discriminacións contra a muller e a superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre o home a muller. Coidarase a selección do material educativo, o reparto de tarefas, a selección de xogos...
- Non se admitirán as desigualdades nin discriminacións entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe machista, de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida. Traballo a prol da integración e favorecer a convivencia con NEAE.
- Rexeitar calquera tipo de discriminación social ou persoal dos alumnos e alumnas en xeral, xa sexa debido a prexuízos de tipo racista ou xenófobo, xa sexa de tipo social, psicolóxico ou económico.
- Responsabilidade de todos os membros da comunidade educativa para favorecer a resolución de conflitos de xeito dialogado e non violento.
- A vinculación co entorno como forma de favorecer o respecto e mellora do medio ambiente.
- Promoción de valores de cooperación, solidariedade e educación para a paz.
- Favorecer e promover a coordinación entre o profesorado.
- Implicación de todos os sectores da comunidade educativa na vida do centro través da súa participación en diferentes actividades e proxectos propostos dende o centro.

Este curso académico 2023/24 contamos co seguinte alumnado:

Nivel	Número de alumnado
4º de Educación Infantil	15
5º de Educación Infantil	13
6º de Educación Infantil	12
1º de Educación Primaria	14
2º de Educación Primaria	17



3º de Educación Primaria	17
4º de Educación Primaria	17
5º de Educación Primaria	9
6º de Educación Primaria	14
TOTAL	128

3. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO

CON NEAE

Dende o Departamento de Orientación promoveranse metodoloxías que favorezan a individualización e promovan a inclusión, empregándose estratexias tales como:

- Traballo cooperativo en grupos heteroxéneos.
- Tutoría entre iguais.
- Aprendizaxe por proxectos e/ou por tarefas.
- Autoaprendizaxe ou aprendizaxe autónomo.
- Aprendizaxe por descubrimento.
- Obradoiros de aprendizaxe.
- Organización de contidos por centros de interese.
- Traballo por recunchos.
- Grupos interactivos.

Recoméndase ademais o emprego de metodoloxías activas, lúdicas, participativas, globalizadoras e respectuosas co nivel de coñecementos previos dos alumnos e alumnas. Seguiranse, os principios de intervención metodolóxica de: actividade, individualización, socialización, actividade lúdica, pedagogía do éxito... así como os intereses e potencialidades do alumnado con NEAE.

As actividades propostas ao longo do curso adecuaranse a cada estilo e ritmo de aprendizaxe organizándoas de xeito globalizado e interdisciplinar. Empregaranse materiais que reforcen as aprendizaxes básicas e enlacen os coñecementos adquiridos co fin de reforzalos, actuando deste xeito no proceso de asimilación de coñecementos.

Deste xeito garantirase que o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo terá en conta requisitos metodolóxicos tan importantes como: partir do nivel de desenvolvemento de todos e cada un dos alumnos

e alumnas e traballar a partir dos seus coñecementos previos; asegurar a construción de aprendizaxes significativas; empregar a memorización comprensiva para favorecer a interiorización dos novos coñecementos; ofrecer actividades motivadoras e que conecten cos intereses e motivacións do alumnado...

É importante destacar tamén o papel do profesorado como guías e facilitadores da aprendizaxe, de maneira que se lle permita ao alumnado poder resolver por si mesmo tendo en conta o principio de actividade autoestructurante e a teoría da andamiaxe de Ausubel que permitirá programar atendendo ao desenvolvemento potencial. Neste senso o traballo entre as mestras titoras e os especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe debe estar profundamente coordinado. Tamén se terán en conta os mestres e mestras con dispoñibilidade horaria que acoden semanalmente á aula de referencia, polo que se tentarán coordinar as acción pedagóxicas en todo momento para que dito apoio sexa o máis efectivo posible.

Por outra banda, o Departamento de Orientación realizará reunións mensuais para poder tratar aspectos relacionados coa atención á diversidade, e os mestres especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe manterán reunións semanais coa orientadora para planificar o traballo levado a cabo co alumnado con NEAE e introducir as modificacións precisas para adecualo ás necesidades reais do alumnado.

Polo tanto, como principios ou liñas mestras da acción global que o centro desenvolve para atender á diversidade queremos salientar:

- A procura da calidade, eficacia e eficiencia na atención ao alumno.
- O aproveitamento adecuado dos recursos humanos do centro.
- O aproveitamento dos recursos materiais poñéndoos ao servizo das actuacións de mellora do proceso educativo.
- A garantía das condicións que aseguren a calidade dos servizos e actuacións que desenvolvemos.
- A procura do beneficio do maior número de alumnado.
- A procura de recursos para a mellora cuantitativa e cualitativa da atención ao alumnado tanto da administración educativa como de outros organismos ou entidades.

4. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Adscrición do profesorado e aulas

Curso	Aula	Titor/a
4º Educación Infantil	Tartaruga	Ana María Ferreiro Darriba
5º Educación Infantil	Buxaina	Beverly Ramos Couso
6º Educación Infantil	Castelao	Ángela Maseda Núñez
Apoios Educación Infantil: María López López e David Rodríguez Vila		
1º Educación Primaria	Agromar	Raquel Casas Rodríguez
2º Educación Primaria	Fronteira	Eva Martínez Baltar
3º Educación Primaria	Bulebule	Silvia Edrosa Rodríguez
4º Educación Primaria	Mecánica	Eliseo Lorenzo García
5º Educación Primaria	Follas novas	Belinda Blanco Fernández
6º Educación Primaria	Papaventos	María Luz Rodríguez Costa
Especialidade	Aula	Mestra/e
Pedagogía Terapéutica	Odisea	María Luisa Blanco Pernas Rebeca López Vaz (media xornada, PROA+)
Audición e Linguaxe	Anduriña	Paula Otero Freijomil Lucía García López
Orientación	Bolboreta	Isabel Vázquez Barreiro
Educación Musical	Vagalume	Manuel Raúl Martínez Herrero
Lingua inglesa	Cunqueiro	Antía Blanco Fernández
Relixión católica	Cacatúa	María Josefa Coldeira Ponte
Educación física	Brincadoiro	Cristina Rodríguez Novo
Biblioteca	Betrón	

Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)

Nome	Cargo
David Rodríguez Vila	Director
Raquel Casas Rodríguez	Xefa de estudos
María López López	Coordinadora Educación Infantil
Beverly Ramos Couso	Responsable do equipo de biblioteca



Manuel Raúl Martínez Herrero	Responsable do EDLG
María Luisa Blanco Pernas	Mestra Pedagogía Terapéutica
Rebeca López Vaz	Mestra Pedagogía Terapéutica (PROA+)
Paula Otero Freijomil	Mestra Audición e Linguaxe
Lucía García López	Mestra Audición e Linguaxe
Eva Martínez Baltar	Coordinadora 1º ciclo
Eliseo Lorenzo García	Coordinador 2º ciclo
Belinda Blanco Fernández	Coordinadora 3º ciclo
Isabel Vázquez Barreiro	Xefa Departamento Orientación

A CCP reunirase cunha periodicidade mensual e realizará unha sesión extraordinaria ao comezo do curso e outra ao finalizar este.

Departamento de Orientación (DO)

Nome	Cargo
Isabel Vázquez Barreiro	Xefa Departamento Orientación
Paula Otero Freijomil	Mestra Audición e Linguaxe (AL)
Lucía García López	Mestra Audición e Linguaxe (AL)
María Luisa Blanco Pernas	Mestra Pedagogía Terapéutica (PT)
Rebeca López Vaz	Mestra Pedagogía Terapéutica (PT) (PROA+)
María López López	Coordinadora Educación Infantil
Eva Martínez Baltar	Coordinadora 1º ciclo
Eliseo Lorenzo García	Coordinador 2º ciclo
Belinda Blanco Fernández	Coordinadora 3º ciclo

Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)

Nome	Cargo
Manuel Raúl Martínez Herrero	Coordinador
María Luisa Blanco Pernas	Mestra Pedagogía Terapéutica (PT)
Lucía García López	Mestra Audición e Linguaxe (AL)
Montserrat Expósito Ramos	Representante PAS



Equipo de biblioteca

Nome	Cargo
Beverly Ramos Couso	Responsable
Paula Otero Freijomil	Mestra Audición e Linguaxe
Isabel Vázquez Barreiro	Xefa Departamento Orientación
Ana María Ferreiro Darriba	Titora 4º Educación Infantil
Ángela Maseda Núñez	Titora 6º Educación Infantil
Silvia Edrosa Rodríguez	Titora 3º Educación Primaria
Belinda Blanco Fernández	Titora 5º Educación Primaria
Antía Blanco Fernández	Mestra de lingua inglesa

Equipo de Voz Natura

Nome	Cargo
María López López	Coordinadora
Eva Martínez Baltar	Titora 2º Educación Primaria
Eliseo Lorenzo García	Titor 4º Educación Primaria
María Luz Rodríguez Costa	Titora 6º Educación Primaria

Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (EACE)

Nome	Cargo
Cristina Rodríguez Novo	Coordinadora
David Rodríguez Vila	Mestre de apoio Educación Infantil

Equipo Abalar/TIC – Polos creativos – Plan dixital

Nome	Cargo
Manuel Raúl Martínez Herrero	Coordinador
David Rodríguez Vila	Mestre de apoio Educación Infantil
Silvia Edrosa Rodríguez	Titora 3º Educación Primaria
María Luz Rodríguez Costa	Titora 6º Educación Primaria



Agrupacións de centros educativos

Nome	Cargo
Belinda Blanco Fernández	Coordinadora
Ana María Ferreiro Darriba	Titora 4º Infantil
Eliseo Lorenzo García	Titor 4º Educación Primaria
María Luz Rodríguez Costa	Titora 6º Educación Primaria
Paula Otero Freijomil	Mestra Audición e Linguaxe
Antía Blanco Fernández	Mestra de lingua inglesa
Cristina Rodríguez Novo	Mestra de Educación Física

Equipos docentes

Ciclo	Nome	Cargo
Educación Infantil	María López López	Coordinadora
	Beverly Ramos Couso	Titora 4º Infantil
	Ángela Maseda Núñez	Titora 5º Infantil
	Ana María Ferreiro Darriba	Titora 6º Infantil
	David Rodríguez Vila	Mestre de apoio
	Lucía García López	Mestra Audición e Linguaxe
1º ciclo	Eva Martínez Baltar	Coordinadora
	Raquel Casas Rodríguez	Titora 2º Educación Primaria
	Manuel Raúl Martínez Herrero	Mestre de Educación Musical
	Paula Otero Freijomil	Mestra Audición e Linguaxe
2º ciclo	Eliseo Lorenzo García	Coordinador
	Silvia Edrosa Rodríguez	Titora 4º Educación Primaria
	Isabel Vázquez Barreiro	Xefa DO
	María Luisa Blanco Pernas	Mestra Pedagogía Terapéutica (PT)
3º ciclo	Belinda Blanco Fernández	Coordinadora
	María Luz Rodríguez Costa	Titora 5º Educación Primaria
	Antía Blanco Fernández	Mestra de lingua inglesa
	Cristina Rodríguez Novo	Mestra de Educación Física



5. CALENDARIO DE REUNIÓN DOS DISTINTOS EQUIPOS

Calendario mensual de reunións

1º luns de cada mes	16:00-17:00	Titorías
	17:00-18:00	EDLG / Biblio / VozNatura / EACE
	18:00-19:00	Reunión conxunta
2º luns de cada mes	16:00-17:00	Titorías
	17:00-18:00	Agrupacións
	18:00-19:00	TICs
3º luns de cada mes	16:00-17:00	Titorías
	17:00-18:00	DO / CCP
	18:00-19:00	Reunión conxunta
4º luns de cada mes	16:00-17:00	Titorías
	17:00-18:00	Equipos de ciclo
	18:00-19:00	Reunión conxunta

6. ÓRGANOS DE GOBERNO

Equipo directivo

Nome	Cargo
David Rodríguez Vila	Director
Raquel Casas Rodríguez	Xefa de estudos
Cristina Rodríguez Novo	Secretaria

O equipo directivo reunirase os martes de 9:35 a 10:20.

Consello Escolar

Nome	Cargo
David Rodríguez Vila	Presidente
Raquel Casas Rodríguez	Xefa de estudos
Cristina Rodríguez Novo	Secretaria
Silvia Edrosa Rodríguez	Representante profesorado 2022-26
Isabel Vázquez Barreiro	Representante profesorado 2022-26
Eva Martínez Baltar	Representante profesorado 2021-24
María López López	Representante profesorado 2021-24
Paula Otero Freijomil	Representante profesorado 2021-24



Pablo Álvarez Ramos	Representante nais/pais 2022-26
Marta Cayón Valle	Representante nais/pais 2022-26
Andrés Garrido Pérez	Representante nais/pais 2021-24
Graciela del Río Cubelo	Representante nais/pais 2021-24
Amalia Fernández Cruz	Representante ANPA
Montserrat Expósito Ramos	Representante PAS 2022-26
Adrián Arias Díaz	Representante Concello

As **reunións** do Consello Escolar poderán celebrarse telematicamente ou presencialmente na biblioteca do centro. As convocatorias das mesmas serán enviadas por correo electrónico (con 48 horas de antelación no caso de sesións extraordinarias e 7 días de antelación no caso das ordinarias) xunto coa orde do día e, de ser o caso, cos documentos a tratar na sesión.

O Consello Escolar reunirase en sesión ordinaria unha vez por trimestre e en sesión extraordinaria sempre que os convoque o presidente ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros.

No seo do Consello Escolar constitúese a **comisión de convivencia** do centro.

Comisión de convivencia

Nome	Cargo
David Rodríguez Vila	Presidente
Isabel Vázquez Barreiro	Representante do profesorado
María Luisa Blanco Pernas	Representante do profesorado
Graciela del Río Cubelo	Representante das familias
Amalia Fernández Cruz	Representante das familias
Montserrat Expósito Ramos	Representante do PAS

A comisión de convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.



7. XORNADA ESCOLAR E HORARIOS DO CENTRO

Días non lectivos

Na sesión do Consello Escolar do CEIP de Cervo celebrada o venres 8 de setembro acordouse escoller como proposta de días non lectivos o **13 de outubro de 2023** e o **16 de maio de 2024**, que xa foron **autorizados** pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidades de Lugo.

Horario lectivo

1ª sesión	9:35 – 10:20
Descanso activo	10:20 – 10:30
2ª sesión	10:30 – 11:15
3ª sesión	11:15 – 12:00
Tempo de lecer	12:00 – 12:30
Hora de ler	12:30 – 13:00
4ª sesión	13:00 – 13:45
5ª sesión	13:45 – 14:35

Normas tempo de lecer

No patio exterior de **Educación Infantil**:

- Os cubos, palas e moldes son para usar no areeiro, evitando o seu uso noutras zonas.
- Os utensilios de cociña deben empregarse na zona da cociña e na mesa auxiliar de madeira.
- Os camiões e carretillas poden usarse por todo o patio excepto no chan de goma.
- Na cesta, o máximo de nenos e nenas ao mesmo tempo será de 6.
- Nos columpios o alumnado irá sentado.
- Coidamos as árbores evitando romper follas ou ramas.
- Para ir aos aseos (do comedor) o alumnado terá que avisar a un mestre/a de garda e deberán ir en parellas.
- O alumnado estará en todo momento na zona delimitada do patio.
- O material do patio terá que quedar recollido unha vez finalice o tempo de lecer.



No patio interior de **Educación Infantil**:

- Cada tipo de material usarase na zona correspondente, evitando mesturalo todo.
- O alumnado deberá permanecer nalgunha das zonas de xogo (as escaleiras, vestiarios e zona de percheiros non son zona de xogo).
- O profesorado de garda encargarse de que as portas que dan acceso á biblioteca e ao corredor da aula de 4º de Infantil, así como as do comedor, estean pechadas en todo momento.
- As motos serán empregadas para moverse polo circuíto (evitando choques) e cando un alumno ou alumna se baixe levará a moto ao aparcadoiro.
- Para ir aos aseos o alumnado terá que avisar a un mestre/a de garda.

Nos patios de **Educación Primaria**:

- O alumnado de cada grupo irá sempre ao patio que lle corresponda segundo as quendas establecidas para cada día da semana, sen excepcións (salvo motivos meteorolóxicos).
- O alumnado dos grupos que están en xadrez e pavillón poderá ir ao campo se así o desexan.
- Na zona do campo non poderán estar na zona do almacén do conserxe.
- Durante o tempo de lecer, o alumnado non poderá subir ás aulas.
- O material deberase empregar para a actividade para a que está pensada.
- No slackline só pode estar un alumno ou alumna para intentar ir de árbore a árbore sen caer.
- Coidamos as árbores evitando subirse, romper follas ou ramas e coller froitos.
- Evitamos usar as ramas e os froitos caídos das árbores para xogar.
- Na zona do xadrez merendarase na zona habilitada para este fin.
- Para poder xogar, o alumnado deberá ter recollida a súa bolsa da merenda na caixa do seu curso e tirado o lixo no contenedor/cubo do lixo correspondente.
- Os días que non se poidan usar os patios exteriores por motivos meteorolóxicos ou de outra índole todo o alumnado estará no pavillón. Respectaranse as quendas de fútbol e baloncesto/balonmán, delimitando unha zona para o resto dos grupos, que empregará un material específico.



Quendas do profesorado encargado da vixilancia do transporte

Tres mestras/es realizarán a garda de transporte, facéndose cargo do alumnado que vén no transporte escolar dende a súa chegada (9:25) ata a hora do inicio da actividade lectiva (9:35). Ademais, unha mestra realizará a quenda de transporte das tardes (luns de 16:00 a 16:30 e de martes a venres de 16:00 a 16:05).

Quendas do profesorado encargado da vixilancia do tempo de lecer e da hora de ler

Sete mestras/es realizarán garda no tempo de lecer: dúas no patio de Educación Infantil, tres nos patios de Educación Primaria e dúas na biblioteca. No patio de Educación Infantil estará tamén a coidadora.

As persoas titoras realizarán garda na hora de ler do seu grupo (excepto en 5º de Infantil, que a realizará a mestra de apoio á Educación infantil).

Horario de atención ao público

Os días lectivos, o horario de atención ao público por parte do **equipo directivo** do centro será de 9:45 a 10:30.

O horario de **titorías** coas familias será os luns de 16:00 a 17:00, previa cita coa persoa titora.

Período de adaptación Educación Infantil

A incorporación do alumnado do 4º curso de Educación Infantil será gradual, organizándose do seguinte xeito:

Entre o 11 e o 15 de setembro acudirán, por quendas, en horario reducido.

Entre o 18 e o 29 de setembro acudirán todo o grupo xunto en horario reducido (9:45-14:15) para non coincidir nas entradas e saídas co resto do alumnado.

A partir do 3 de outubro acudirán en horario completo.

Este período foi comunicado ás familias na reunión que mantivo a titora con elas, mostrando total aceptación ao mesmo.

8. OUTROS ASPECTOS ORGANIZATIVOS

Plan de autoprotección

De acordo co recollido no *Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia*, o noso centro non está na obriga de elaborar plan de autoprotección por non ter:



- un uso docente especialmente destinado a persoas discapacitadas físicas ou psíquicas ou a outras persoas que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.
- unha altura de evacuación igual ou superior a 28 m.
- unha ocupación igual o superior a 1.000 persoas.

Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente

Conserxe	Apertura do centro e das instalación que sexan precisas (pavillón) e mantemento das instalacións.
Persoal laboral de cociña	Primordialmente encargarse da recepción e comprobación da salubridade das materias primas requiridas, así como da súa axeitada conservación e da elaboración dos menús e o seu servizo ás mesas dos usuarios e da limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar.
Persoal auxiliar coidador	<p>Atención ao alumnado con NEE:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Atender o alumnado nas entradas e saídas do centro docente; nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas, potenciando nel a súa autonomía e inclusión. - Facilitar os traslados polos espazos do centro. - Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario. - Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou lecer. - Atender o alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo. - Colaborar nas actividades complementarias nas que participen a alumna ou o alumno.

Plan de utilización das instalación do centro

Entre as 9:35 e as 16:00 horas (16:30 horas os luns) as instalacións utilizaranse unicamente para as actividades lectivas programadas polo centro.



A partires das 16:00 horas poderán utilizarse para realizar algunha actividade extraescolar organizada pola ANPA, o Concello de Cervo ou algunha outra institución sempre e cando o soliciten formalmente e se aprobe en Consello Escolar*.

Este curso escolar 2023/24, as actividades extraescolares da ANPA terán lugar todos os días de 16:00 a 17:00 na aula Cacatúa, no patio interior (baile moderno), no comedor (para a actividade de cociña) e no pavillón (karate).

A biblioteca do centro estará aberta para o alumnado de 16:00 a 18:00 de martes a venres (os luns, a biblioteca resérvase para as reunións do profesorado).

O pavillón do centro acollerá a actividade de patinaxe, organizada polas Escolas Deportivas Municipais do Concello de Cervo, todos os mércores de 16:00 a 19:00. As alumnas e alumnos que acuden a esta actividade poden empregar os aseos do comedor, quitando os patíns para poder entrar no centro.

Ademais, o Concello solicitou autorización para poder dispoñer do pavillón os luns, martes, xoves e venres de 18:00 a 22:00 e os sábados e domingos de 10:00 a 13:00. Esta autorización foi concedida na sesión de Consello Escolar celebrada o día 23 de outubro, lembrando a necesidade de que o pavillón quede tal e como estaba antes de usalo.

A Asociación Educando en Familia empregará os mércores (cada dúas semanas) de 16:00 a 17:30 a aula Odisea (PT) para realizar actividades con nenas e nenos de 0-6 anos e as súas familias.

*Para a utilización das instalacións dun centro público por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, presentárase solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Xefatura Territorial de Educación, que resolverá o que proceda. As actividades a desenrolar non deberán alterar o normal desenvolvemento das actividades docentes e deberán ser acordes coa dignidade e funcións dun centro educativo. A estes efectos dentro do horario lectivo as instalacións serán utilizadas exclusivamente polas persoas do centro educativo ou aquelas que por circunstancias especiais realicen labores encomendadas a iniciativa do centro. As instalacións do centro porase sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos, presencial ou a distancia. Para uso ocasional e con

carácter excepcional, o director poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

9. PLAN DE ORGANIZACIÓN DA RELACIÓN COAS FAMILIAS

Reunións coas familias

Curso	Data	Hora
4º Infantil	Mércores 6 de setembro	10:30
5º Infantil	Mércores 6 de setembro	12:00
6º Infantil	Mércores 6 de setembro	12:00
1º Primaria	Luns 18 de setembro	16:00
2º Primaria	Luns 18 de setembro	16:00
3º Primaria	Martes 26 de setembro	16:30
4º Primaria	Luns 2 de outubro	16:00
5º Primaria	Mércores 13 de setembro (E-Dixgal)	16:00
	Martes 26 de setembro	16:30
6º Primaria	Martes 26 de setembro	16:30

Titorías coas familias

As titorías serán presenciais os luns de 16:00 a 17:00, previa cita coa persoa titora.

Comunicación coas familias

As comunicacións do centro ás familias por parte do equipo directivo realizaranse a través de espazoAbalar, recibíndoas as familias na **app abalarMóbil**. Normalmente, estas mensaxes conteñen enlaces a contidos aloxados na páxina web do centro (www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervo), a cal está actualizada e na que a información se atopa sempre dispoñible para toda a comunidade educativa.

As comunicacións entre as persoas titoras/especialistas e as familias realizarase a través da mensaxería de espazoAbalar (app AbalarMóbil) ou outros medios que estableza o titor/a (correo electrónica, outras aplicacións).

As familias sempre poden comunicarse co centro enviando un correo electrónico a ceip.cervo@edu.xunta.gal ou chamando por teléfono ao 982870207.

Préstamos de libros a familias

De martes a venres, de 16:00 a 18:00, as familias que o desexen poden acudir á biblioteca do centro para levar en préstamo libros para nenos/as ou para persoas adultas.

Escola de nais e pais

Está prevista a realización dunha sesión cada trimestre destinadas ás familias relacionadas coa mellora da convivencia e o benestar emocional.

10. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Transporte escolar

O centro conta con servizo de transporte integrado dependente da Consellería de Educación e da Consellería de Mobilidade que empregan 20 nenas e nenos, divididas/os en tres rutas: Rúa (12), Castelo (3) e Sargadelos (5). A maiores, a ANPA do centro ten contratado un autobús que transporta alumnado de Burela. Estes autobuses chegan ao centro ás 9:25 e o alumnado queda cos tres mestres/as de garda. Despois do servizo de comedor, o bus contratado pola ANPA sae do centro todos os días ás 15:30 e o transporte integrado sae todos os días ás 16:00 excepto os luns que sae ás 16:30.

Comedor escolar

DATOS XERAIS	
Tipo de comedor	B (entre 76 e 150 comensais)
Xestión	Directa
Protocolo de comedor escolar	Si
Alumnado que usa o comedor	121
Nº máximo de comensais	136
Horario	14:35 – 15:30
PERSONAL QUE INTERVÉN NO SERVIZO	
Encargada	Lucía García López
Persoal laboral	Saleta Trigo Villarino (oficial 2ª cociña) Nieves Peña Álvarez (axudante cociña)
Persoas colaboradoras (máximo 7 por día)	Dolores Trobo Castro Leticia Villarquide Maseda María Fernández Balseiro Rebeca Rodríguez Pérez Rebeca Campo Fernández Mónica Pita Couce



	<p>Fco Javier Neira López Mónica Carro Pita Silvia Mon Pernas Miriam Prado Míguez M^a Dolores Glez Yáñez</p>
--	--

PROGRAMACIÓN ANUAL DO COMEDOR 2022/23

SALÓN DO COMEDOR, COLOCACIÓN E RECOLLIDA DOS MESAS E CUBERTOS

As mesas serán postas polo persoal laboral de cociña, coa colaboración das colaboradoras/es. As mesas serán recollidas polo persoal colaborador, coa supervisión e axuda do persoal de cociña.

SERVIZO DE COMIDA

O primeiro prato, o segundo prato e as sobremesas serán servidos polo persoal laboral de cociña. Os/as colaboradores/as velarán por todo o que ocorra na súa mesa, e poñerán en coñecemento da dirección do centro ou da encargada de comedor todas as incidencias que consideren oportunas. Ningún comensal debe ser discriminado por ningún motivo. As racións da comida deben ser servidas equitativamente segundo as necesidades alimenticias dos comensais. Procurarase que non haxa situacións de presión nin de asoballamento entre os alumnos/as. Se se detectaran estas situacións, serán postas en coñecemento dos colaboradores, da encargada ou do director do centro á maior brevidade. O alumnado deberá comer a modo, mastigando ben, cunha postura correcta na cadeira sen interferir o espazo dos demais, usar os utensilios dunha forma axeitada, manter un ton adecuado de voz, colaborar na limpeza da mesa e non tirar auga nin comida fóra das fontes ou pratos. Durante o tempo da comida, o alumnado non se poderá levantar da mesa sen permiso do persoal colaborador. Soamente se deixará ir aos servizos en casos xustificados pois xa deberían ir antes de entrar no comedor. Non se pode xogar coa comida nin deteriorar o material de menaxe. O material roto por negligencia terá que ser restituído. Os labores de atención serán consensuadas previamente e en ningún caso pode haber contradición nas actuacións do persoal colaborador. O alumnado non se levantará das mesas ata que todos os da súa mesa teñan rematado de comer e se recollan os restos e os cubertos para o centro das respectivas mesas, e sempre baixo a supervisión do colaborador/a encargada.

USO DOS PATIOS DE XOGO

Unha vez rematada a comida, os alumnos e as alumnas que queden no centro entre as 15:30 e as 16:00 sairán ós patios de xogo e empregarán o material asignado para esta franxa horaria nas zonas establecidas.

USO DOS SERVIZOS

Durante o tempo que dura o recreo de comedor e ata a hora de saída, como norma xeral as alumnas e alumnos usarán o aseo máis próximo ao comedor. Vixiarase para que os alumnos e alumnas non permanezan nos servizos por máis tempo do necesario e que non coincidan varios ao mesmo tempo.

USO DAS AULAS

Durante o tempo que dura o recreo de comedor e ata a hora de saída, non se poderán utilizar as aulas, a non ser que os/as alumnos/as estean baixo a tutela dun profesor/a. A subida ás aulas terá que estar xustificada e só se poderá facer de un en un ou de unha en unha. Só se poderá subir ás aulas co permiso do persoal colaborador.

ADICIONAL

Estas normas poderán ser cambiadas e/ou modificadas coas suxestións dos sectores implicados, para mellorar a convivencia, o uso do material e a educación de todos os sectores implicados.

11. PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Actividades complementarias

As actividades complementarias previstas ata o momento son:

Data	Tipo	Descrición	Alumnado implicado
10/10/23	Visita	Charlas contenedor marrón (Ancaria)	1º-6º Primaria
17/10/23	Visita	Obradoiro RCP (Quico Muñoz)	4º, 5º e 6º Primaria
24/10/23	Conmemoración	Día das bibliotecas: apertura de Bibliocervo para o alumnado	Todos os cursos
25/10/23	Visita	Obradoiro de fotografía	1º e 2º de Primaria
26/10/23			3º e 4º de Primaria
27/10/23			5º e 6º de Primaria
30/10/23	Conmemoración	Samaín: obradoiros de cociña	Todos os cursos

		internivel e Canto conto ten "Room on the broom"	
6/11/23	Visita	Obradoiros sobre emocións	Todos os cursos
10/11/23	Conmemoración	Magosto: castañas e xogos tradicionais asociación ASCM Ferrol	Todos os cursos
29/11/23	Saída	"Coñece as túas institucións": Parlamento de Galicia	3º ciclo
1º tr.	Visita	Obradoiro donación de sangue	2º e 3º ciclo
1º tr.	Visita	Familias profesionais da saúde	2º e 3º ciclo
1º tr.	Saída	Banco de alimentos/Protectora de animais/Planetario	2º e 3º ciclo
5/3/24- 8/3/24	Saída	Agrupacións de centros: Badaxoz	5º de Primaria
2º tr.	Saída	Castro de Viladonga e San Paio de Narla	2º e 3º ciclo
2º tr.	Saída	Semana branca	5º e 6º de Primaria
2º tr.	Saída	Carreira solidaria en San Cibrao	Todos os cursos
2º tr.	Conmemoración	Semana de Entroido	Todos os cursos
20/5/24- 24/5/24	Saída	Agrupacións de centros: Canarias	6º de Primaria
3º tr.	Saída	Río Xunco (Proxecto Ríos)	1º-6º Primaria
3º tr.	Visita	Plan Director: acoso/ciberacoso, ciberseguridade	5º e 6º de Primaria
3º tr.	Saída	Celeiro: helicóptero, porto...	4º, 5º e 6º Infantil
3º tr.	Saída	Limpeza da praia de Rueta	4º, 5º e 6º Infantil
3º tr.	Conmemoración	Aniversario de Puca	Todos os cursos
3º tr.	Saída	Visita IES Marqués de Sargadelos	6º de Primaria

Cando se organicen actividades complementarias non previstas nesta PXA darase conta ao Consello Escolar na reunión seguinte que se celebre (art. 3.1 do cap. IX da *Orde do 22 de xullo de 1997*).



Actividades extraescolares

De martes a venres, en horario de 16:00 a 18:00, o alumnado que o desexe poderá facer uso da biblioteca do centro. O horario de entrada na biblioteca será ás 16:00 ou ás 17:00 (se saen dunha actividade extraescolar do centro). Haberá sempre un/unha mestre/a de garda. As **normas** da biblioteca durante este horario son as seguintes:

- O alumnado e as familias poderán ler contos, revistas, libros de consulta... deixando estes no lugar que corresponda segundo o tello do mesmo.
- Tanto alumnado como familias poderá realizar o préstamo de libros neste horario (máximo 2 libros por carné).
- Poderanse usar os xogos de mesa, sempre co permiso e a supervisión do mestre/a de garda, recollendo todo ao rematar o mesmo.
- As tablets poderanse empregar para consultar información relacionada coas tarefas escolares ou para actividades que se consideren educativas. A mestra/e de garda poderá supervisar o uso que está facendo o alumnado das tablets en calquera momento.
- O alumnado que o precise usará os aseos do comedor.
- As familias entrarán na biblioteca para recoller ao alumnado.
- Só poderá entrar na biblioteca ás 17:00 o alumnado que finalice unha actividade extraescolar ou que veña acompañado da súa familia.

Para quedarse na biblioteca pola tarde, as familias deberán avisar con anterioridade a través do titor/a especificando o horario no que van facer uso do servizo.

Actividades propostas pola ANPA ou outras institucións

As actividades extraescolares organizadas pola **ANPA** son as seguintes:

	16:00–17:00
Luns	Manualidades emocionais
	Xogos de mesa
Martes	Baile moderno
	Xadrez
Mércores	Crea, customiza e restaura

Xoves	Guitarra
	Cociña
Venres	Karate
	loga

O **Concello** (Escolas Deportivas Municipais) levará a cabo a actividade de **patinaxe** no pavillón do noso centro os mércores de 16:00 a 19:00.

12. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS E PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Plans Proxecta+

Programa	Coordinador/a	Alumnado
20. Proxecto Ríos	Silvia Edrosa Rodríguez	De 1º a 6º de Primaria

Contratos-programa

Modalidade	Coordinador/a	Alumnado
CPInnova (3. EDUsaúde)	Cristina Rodríguez Novo	Todos os niveis
PROA+ (Recupéra-T)	Equipo directivo / DO	3º- 6º Primaria

E-Dixgal

Coordinadora	Belinda Blanco Fernández
Cursos	5º e 6º de Primaria

Polos creativos

Coordinador	Manuel Raúl Martínez Herrero
Cursos	Todos os niveis

Seccións bilingües

Materia	Curso	Lingua	Coordinadora
Educación Plástica e Visual	1º Primaria	Inglés	Antía Blanco Fernández
Educación Artística	2º Primaria	Inglés	Antía Blanco Fernández



Auxiliar de conversa

Tíñamos asignada unha auxiliar de conversa procedente dos EUA pero esta persoa non contestou ás mensaxes enviadas dende o centro nin dende a Consellería e o Ministerio. Como era de agardar tras non obter resposta, esta persoa non se incorporou o día 1 de outubro polo que este curso académico non contaremos con esta figura.

Observa-acción

Coordinadora	Belinda Blanco Fernández
Participantes	Cristina Rodríguez Novo Antía Blanco Fernández Silvia Edrosa Rodríguez Ana María Ferreiro Darriba Eva Martínez Baltar María Luz Rodríguez Costa

Programas de innovación relacionados coa biblioteca

Programa	Coordinador/a
PLAMBE	Beverly Ramos Couso
Radio na biblio	Belinda Blanco Fernández
Club de lectura	Paula Otero Freijomil
Biblioteca creativa	Silvia Edrosa Rodríguez
Lectura e familias	Equipo de biblioteca

Outros programas

Programa	Coordinador/a
Voz Natura	María López López
Prensa na escola	María Luz Rodríguez Costa

13. PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO (PFPP)

Coordinadora	María Luisa Blanco Pernas
Equipo de formación	María Luisa Blanco Pernas, Manuel Raúl Martínez Herrero e David Rodríguez Vila

Cursos que dura o plan	2	
Nº orde do curso actual	1	
Liña de traballo	Itinerario	Nº mestrxs
Compet. en educación inclusiva e coeducación	Atención á diversidade	17
Competencia didáctica	Polo creativo	9

14. ASPECTOS CURRICULARES

Libros de texto e demais materiais curriculares

Os libros de texto de **1º a 4º de Primaria** son os seguintes:

CURSO	LIBRO	EDITORIAL	ISBN
1º Primaria	Religión católica. Edén. Revuela 22	SM	9788413926100
2º Primaria	Religión católica. Edén. Revuela	SM	9788498565003
3º Primaria	Matemáticas 3. FanFest	Edelvives	9788414037997
	Heroes 3 Essential Ab Pk (+Gram pract)	Macmillan	9781380055286
	Heroes 3 Pb (ebook) Pk*	Macmillan	9781380008541
	Ciencias Sociais 3 (Zoom)*	Vicens Vives	9788468285375
	Ciencias da Natureza 3 (Zoom)*	Vicens Vives	9788468285337
4º Primaria	Matemáticas 4º FanFest	Edelvives	9788414050040
	Heroes 4 Pb (ebook) Pk*	Macmillan	9781380008558
	Ciencias Sociais 4º. Proxecto FanFest	Tambre Edelvives	9788490466063
	Ciencias da Natureza 4º. Proxecto FanFest	Tambre Edelvives	978849046912

* Libros do fondo solidario de libros de texto:

Na etapa de **Educación Infantil non se empregan libros de texto** e en **5º e 6º de Primaria** teñen **libros dixitais** (E-Dixgal).

Criteriaos xerais sobre o uso de tarefas extraescolares na E. Primaria

Mandaranse tarefas que o alumnado poida realizar de xeito autónomo e relacionadas con contidos que se traballaran na clase previamente. Non se mandará ningunha tarefa



que demande un tempo de traballo excesivo ao alumnado. Para estimar o tempo que pode levar facer unha tarefa terase en conta sempre a idade do alumnado, a súa madurez e as súas características individuais, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa. Terase en conta un encaixe adecuado na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa destas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentárase a responsabilidade das alumnas e dos alumnos na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

Plan Anual de Lectura

Pódese consultar no anexo I.

15. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN

Avaliación inicial: ao longo do mes de setembro en cada unha das titorías irase facendo unha avaliación do alumnado de cada un dos niveis que servirá de partida para a elaboración das diferentes programacións de xeito que sexan o mais realistas posible e permitan un axeitado desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe e das competencias básicas. A data da sesión de avaliación inicial está prevista para o martes 16 de outubro.

1ª Avaliación: luns 18 de decembro de 2023.

Entrega de boletíns: 21 de decembro.

2ª Avaliación: luns 18 de marzo de 2024.

Entrega de boletíns: 22 de marzo de 2024.

3ª Avaliación: martes 25 de xuño de 2024.

Entrega de boletíns: 26 de xuño de 2024.

Nas **sesións de avaliación** o equipo docente fará unha valoración sobre aspectos como:

- 1 Valoración dos resultados xerais do grupo: análise das características do grupo: nº de alumnos/as, ACIs, reforzo, etc), resultados académicos globais do grupo (nº de aprobados, suspensos, ...), clima de traballo (actitude, interese, esforzo, participación,...), comportamento e convivencia (relacións entre alumnado, co profesorado, alumnos rexeitados...), outras: colaboración das familias, incidentes, faltas de asistencia...
- 2 Valoración dos resultados por áreas ou materias: resultados, actitude, interese,



comportamento...

- 3 Valoración do proceso ensinanza-apredizaxe: planificación, programación, consecución de obxectivos, adecuación de contidos, metodoloxía, avaliación, agrupamentos, materiais curriculares, organización de espazos e tempos, apoios e reforzos, coordinación co resto de profesorado implicado...
- 4 Casos particulares analizados: se fose necesario referir algún caso concreto dentro do grupo-clase, tratando de establecer cales poden ser as causas, unha proposta de actuación e quen sería o responsable/es de levala a cabo.
- 5 Acordos adoptados: medidas e acordos globais, para todo o grupo, medidas e acordos nas áreas, medidas e acordos sobre o proceso de ensino aprendizaxe, medidas e acordos sobre casos individuais...

Tentaremos que as sesións de avaliación non sexa un simple conteo de calificacións (as cualificación deberán estar metidas no XADE antes da sesión de avaliación). Farase unha acta, por parte da titora/o de cada curso da que unha copia quedará arquivada en xefatura de estudos.

Os diferentes Plans e Proxectos que desenvolve o centro teñen o seu propio apartado de seguimento e avaliación.

16. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Impartición de materias en lingua estranxeira

Ademais da propia materia de lingua estranxeira (inglés) presente nos Decretos curriculares de Infantil e Primaria, impártese en inglés (**sección bilingüe**) a materia de Educación Plástica e Visual en 1º de Primaria e Educación Plástica en 2º de Primaria.

Actividades para o fomento e a dinamización da lingua galega

VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO CURSO ANTERIOR

Dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega leváronse a cabo diversas actividades programadas, outras que xurdiron ao longo do curso e tamén actividades relacionadas co Proxecto Documental Integrado "O museo das letras". As actividades realizadas aparecen detalladas na memoria do proxecto de fomento do uso do galego do curso 2022/23.



ACTIVIDADES DE FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA QUE SE REALIZARÁN ESTE CURSO

O proxecto de fomento do uso do galego 2023/24 (en elaboración por parte do equipo de dinamización da lingua galega) conterá todas as actividades a realizar durante este curso.

17. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Introdución**

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e as actuacións a desenvolver para a adecuación da resposta educativa á totalidade do alumnado do centro.

"Ao comezo de cada curso, o Departamento de Orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan, coas actuacións e medidas específicas que se desenvolverán ao longo do curso e que formará parte da Programación Xeral Anual". (Art. 11.4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro).

"De conformidade co artigo 7 do mesmo Decreto, son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito Plan". (Art. 41 da Orde do 8 de setembro do 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro).

No presente documento recóllense, pois, as principais medidas de atención á diversidade a desenvolver clasificadas en ordinarias (ORD) e extraordinarias (EXT), os responsables de cada actuación, os alumnos aos que van dirixidas e a duración previsible. Hai que ter en conta que tales actuacións constitúen o punto de partida, que pode modificarse ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan.

A descrición das mesmas e a normativa que as desenvolve e/ou recolle figura no PXAD.

- **Medidas de atención á diversidade**

	MEDIDAS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	DURACIÓN PREVISIBLE
ORD	Adecuación das programacións didácticas	Mestres das distintas áreas	Alumnado con dificultades de aprendizaxe	Conforme á evolución do alumnado
ORD	Metodoloxías que promovan a inclusión	Mestres das distintas áreas	Alumnado con dificultades de aprendizaxe	Conforme á evolución do alumnado
ORD	Adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación	Mestres das distintas áreas	Alumnado con dificultades de aprendizaxe	Conforme á evolución do alumnado
ORD	Reforzo educativo e apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria	Mestres das distintas áreas e profesorado con dispoñibilidade horaria asignado polo equipo directivo	Alumnado con dificultades de aprendizaxe e ANEAE	Conforme á evolución do alumnado
ORD	Programas de enriquecemento curricular	Titores, equipo docente e asesoramento do EOE	Alumnado con altas capacidades intelectuais	Curso 2023-2024
ORD	Plan específico de reforzo para o alumnado	Titores	Alumnado que permanece un	Conforme á evolución do



	que permanece un ano máis no mesmo curso		ano máis no mesmo curso	alumnado
ORD	Programas de habilidades e competencias sociais (EN ELABORACIÓN)	D.O. e titores	Alumnado disruptivo	Todo o curso
EXT	Adaptacións Curriculares	Xefatura de estudos, orientadora, profesorado das distintas áreas e de apoio especializado	ANEE e, excepcionalment e ANEAE	Curso 2023-2024
EXT	Apoio do profesorado especialista en PT e AL	Mestras PT e AL	ANEE e, excepcionalment e ANEAE	Conforme á evolución do alumnado

- **Seguimento e avaliación**

“Ao remate do curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o D.O. elaborará a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do D.O. e, en consecuencia, á memoria anual do centro”. (Art. 13.2 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro).

A estes efectos utilizaranse, entre outros instrumentos, os cuestionarios para tal fin.

18. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

Os obxectivos do Plan de Convivencia están pensados para conseguir a mellora das relacións persoais entre todos os membros da nosa comunidade educativa e o



desenvolvemento dun entorno tranquilo e agradable que favoreza a promoción de valores de cooperación, solidariedade, educación para a paz e coeducación.

Este curso terán lugar **charlas da Garda Civil** (a través do Plan Director) para a **prevención do acoso/ciberacoso** tanto para o alumnado de 5º e 6º de Primaria como para as familias. Nelas explicaranos como detectalo, como abordalo e que facer en caso de sufrilo ou se somos testemuña do mesmo. Ademais, farannos conscientes da responsabilidade que ten toda a comunidade educativa na súa prevención e descubrimento de casos, das consecuencias psicolóxicas de todos os implicados e as actitudes para unha correcta convivencia escolar. A temática adaptarase á idade no caso da charla para o alumnado. Na charla das familias, ademais, tratarase de xeito específico a violencia contra a comunidade educativa.

Seguiremos coa Escola de Nais e Pais creada fai 2 cursos xa que tivo moi boa aceptación por parte das familias e unha gran asistencia ás distintas sesións que se levaron a cabo. O seu fin prioritario é a de propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar establece no seu artigo 42.c) que as faltas reiteradas de puntualidade son condutas leves contrarias á convivencia. A este respecto establecemos para este curso académico que se considerará reiteración acumular durante o curso académico 5 faltas de puntualidade.

19. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE IGUALDADE

Partindo do **Plan de igualdade** aprobado en Consello Escolar en xuño de 2022, durante este curso 2023/24 levaremos a cabo as seguintes accións:

- Ter en conta dito Plan para realizar a concreción curricular do centro.
- Fomentar a participación de pais e nais na Escola de familias e a través do proxecto Lectura e familias.
- Nomear como persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar a Graciela del Río Cubelo (representante das nais/pais).
- Conmemorar o 25N no centro con diversas actividades.



- Conmemorar o 8M.
- Conmemorar o Día contra a LGTBIfobia (17 de maio).
- Revisión da bibliografía coeducativa coa que contamos na biblioteca do centro.
- Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.

20. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL

Partindo do **Plan dixital** aprobado en Consello Escolar en xuño de 2022, durante este curso 2023/24 levaremos a cabo as seguintes accións:

- Chegar a acordos a nivel de Claustro sobre as vantaxes e as desvantaxes do ensino con tecnoloxías dixitais.
- Crear unha biblioteca dixital.
- Desenvolver no alumnado habilidades dixitais en todas as materias.
- Utilizar tecnoloxías dixitais para avaliar actividades.
- Mostra do material do Polo creativo a todo o profesorado a través dun obradoiro.

21. PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL

No artigo 4.1 da *ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia* establece que “o plan de traballo da coordinadora ou coordinador de benestar e convivencia incluírase dentro do plan de convivencia do centro” e no artigo 4.2 que “o plan de traballo concretarase anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico”.

Nos vindeiros meses elaboraremos o Plan de traballo da coordinadora ou coordinador de benestar e convivencia.

Durante este curso académico a coordinadora é María Luísa Blanco Pernas e o seu **plan de traballo** é o seguinte:

1º trimestre:

- Presentación e identificación da coordinadora de benestar por parte da comunidade educativa.
- Propoñer diversos fondos bibliográficos relacionados coa resolución pacífica de conflitos, a xestión emocional, o benestar emocional... ao equipo de biblioteca.



- Colaborar cos diferentes equipos na proposta de actividades para traballar as seguintes conmemoracións:
 - Día Internacional contra a violencia de xénero. (25 de novembro)
 - Declaración universal dereitos humanos (10 de decembro)
- Creación dun buzón e outros mecanismos de contacto.

2º trimestre:

- Colaborar cos diferentes equipos na proposta de actividades para traballar as seguintes conmemoracións:
 - Día escolar da non violencia e paz. (30 de xaneiro)
 - Día internacional da muller.
- Realizar unha enquisa ao alumnado sobre o benestar emocional no contexto educativo.
- Colaborar na organización de patios dinámicos.

3º trimestre:

- Colaborar cos diferentes equipos na proposta de actividades para traballar as seguintes conmemoracións:
 - Día mundial da saúde (7 de abril)
 - Día internacional contra o acoso escolar (2 de maio)
- Extraer as conclusións oportunas da enquisa pasada ao alumado.
- Organizar novas propostas de cara ao curso seguinte.

Ao longo dos tres trimestres:

- Procurar formación relacionada coa temática de Benestar emocional e trasladar á comunidade educativa a síntese da mesma.



ANEXO I

PLAN ANUAL DE LECTURA

ACTUALIZACIÓN DOS MEMBROS DO EQUIPO DE BIBLIOTECA

- **Belinda Blanco Fernández**, titora de EP, coordinadora Edixgal e responsable de radio na biblio.
- **Silvia Edrosa Rodríguez**, titora de EP, responsable de biblioteca creativa.
- **Ana M^a Ferreiro Darriba**, titora de EI.
- **Paula Otero Freijomil**, mestra de AL, responsable do club de lectura
- **Beverly Ramos Couso**, titora de EI.
- **Ángela Maseda Núñez**, titora de E.I.
- **Antía Blanco Fernández**, mestra de lingua estranxeira.
- **Isabel Vázquez Barreiro**, xefa do DO.

HORARIO DE APERTURA DA BIBLIOTECA

Bibliocervo contará co seu propio horario e todos os grupos terán un mínimo dunha hora semanal na biblioteca para a realización das diferentes actividades e para facer o préstamo e devolución de recursos.

O Equipo de Biblioteca tamén conta cun horario asignado para labores propias do cargo, segundo as directrices da Xefatura de Estudos.

Este curso continuaremos cos axudantes de Puca, realizando préstamos e devolucions no tempo de lecer. Ademais disto, o alumnado voluntario poderá colaborar na organización dos libros emprestados, na colocación de tellos e códigos de barras, no mantemento e coidado dos espazos da biblioteca, escolla e actualización dos meses temáticos e das novidades lectoras...

O alumnado, profesorado e familias, contan cun carné co seu número de lector/a co que poderán realizar o empréstito.

No referente ás familias, a biblioteca estará aberta todas as tardes de 16:00 a 18:00 a excepción dos luns. Durante este tempo, as familias poderán acudir a realizar o empréstito de libros de adultos ou se queren vir cos nenos/as a escoller libros para eles/as e/ou pasar un tempo de lecer neste recuncho da escola.



PUCA / HORA DE LER / ITINERARIO LECTOR

Puca continuará sendo o elemento dinamizador de Bibliocervo. En todas as aulas existirá unha "caixa do correo" onde se irán colocando diferentes avisos e materiais para levar a cabo a investigación sobre o PDI. Ademais, contaremos con InfoPucas periódicos que informarán detodas as actividades organizadas.

De acordo ao noso Plan Lector, contaremos cun tempo diario dedicado á **HORA DE LER**. Serán 30 minutos de lectura silenciosa e sostida, pero tamén de lecturas compartidas en voz alta ou a través de diferentes dinámicas.

Esta hora de ler levarase a cabo tendo en conta a súa integración no currículo segundo a Programación Didáctica dos diferentes niveis educativos. Para esta hora de ler o alumnado de 3ºEP a 6ºEP contará cos **ITINERARIOS LECTORES**.

O alumnado de EI, 1ºEP e 2ºEP dispoñerá de caixas de préstamo de aula. Nestes cursos a hora de ler estará enfocada á dinamización da lectura polo que son as mestras e mestres os que fan de dinamizadores relatando un conto, facendo dinámicas que favorezan a expresión oral, a comprensión lectora, a información mediante as ilustracións, o análise dos protagonistas dos contos...

Ademais disto, o profesorado pode levar, en préstamos temporais para a súa aula, aqueles recursos que precise atendendo a súa Programación Didáctica. Para isto cada aula conta cun número de lector, e deberá rexistrar os empréstitos en Koha.

Cada aula conta cunha **BIBLIOTECA DE AULA**, que será dotada por parte do profesorado e do alumnado de recursos suficientes para levar a cabo a **HORA DE LER** ou para a consulta de temas relacionados co traballo en aula. Estes libros poderán ser cambiados periodicamente.

CLUBS DE LECTURA

Ao longo do curso intentarase organizar tres clubs de lectura para alumnado dirixido por mestras do equipo de biblioteca.

Será a responsable do Club de Lectura a que realizará unha selección previa dos libros para o alumnado entre a cal poderán escoller o que máis lles chama a atención. Os clubs de lectura nos que participa o alumnado, levaranse a cabo trimestralmente en función do libro escollido, con grupos interniveis formados por alumnado de 4ºEP a 6ºEP e de maneira presencial no tempo de lecer dos mércores.



Participaremos na convocatoria de Proxectos de Club de Lectura proposta pola Consellería na que se incentivan economicamente estas iniciativas pero, aínda que non contemos cunha partida destinada propiamente para os clubs, levarémolo a cabo igualmente.

Para animar ao noso alumnado a ser parte destas xuntanzas, faremos unha presentación dos clubs empregando diferentes soportes e dándolles a posibilidade a eles/as ser os que escollan o libro a ler.

Os libros propostos para o alumnado de 4º, 5º e 6º son:

1. Secuestro de Fanfalone dos puntos. Alfredo Gómez Cerdá.
2. Cowa!. Toriyama Akira.

O terceiro libro está por determinar.

MOCHILAS VIAXEIRAS

Como todos os cursos, seguiremos coas mochilas viaxeiras dende E.I. a 6ºEP. Ditas mochilas estarán cheas de novidades de contos, xogos, revistas, libros informativos, así como un caderno onde se poderá comentar e valorar a experiencia. Neste curso, todas as mochilas contarán cun libro de banda deseñada posto que o lema das bibliotecas escolares de Galicia para este curso 2023/2024 é "Unha biblioteca escolar en viñetas".

En función do número de alumnado de cada aula e das preferencias do titor/a, poderá haber unha ou dúas mochilas por aula. A xestión de ditos mochilas (cando e cantos días vai para as casas) será función do titor/a.

LISTAXE DE LIBROS PARA AS ÁREAS LINGÜÍSTICAS E EXPOSICIÓNS TEMÁTICAS E TEMPORAIS

Continuaremos facendo exposicións daquelas novidades que vaian incorporándose a Bibliocervo coa finalidade de ter un fondo actualizado e acorde ás nosas necesidades, tanto do alumnado coma do profesorado e familias. Todo membro da Comunidade Educativa poderá propoñer a compra daqueles recursos que precisen ou sexan do seu interese a través de buzón de suxerencias.

Tamén se farán exposicións por centros de interese ou temáticas atendendo aos diferentes meses temáticos e ao traballado cada temporada.

• EI, 1º E 2º NIVEIS DE PRIMARIA

En EI, 1ºEP e 2ºEP traballarase a lectura de maneira integrada nas rutinas, nos proxectos

propostos e nas diferentes conmemoracións. A elección dos libros terá en conta o nivel de adquisición da lectura na que se atope o alumnado e os intereses do grupo en concreto.

• 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

En 3ºEP e 4ºEP farase un intercambio entre os dous niveis dos títulos en galego e castelán coa finalidade de que non supoña un gasto excesivo para as familias e só teñan que mercar dúas obras por curso.

Título	Autor/a	ISBN
Agu Trot	Roal Dahl	9789504637912
Palabras de caramelo	Gonzalo Moure	9788469891032
O neno lume	Ledicia Costas	9788411100847
A cazadora de estrelas	María Canosa	9788491211914

• 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Título	Autor/a	ISBN
Cocotibur	Rafael Fernández Lorenzo	9788491218074
El club de los solitarios	Pilar Lozano Carballo	9788414024409
Maxia de pedra	Xabier Domínguez Pérez	9788491218852
Alma y los 7 monstruos	Iria G. Parente	9788417605575
Instrucións para ler este libro	Miguel Anxo Alonso Diz	9788411100885
20000 leguas de viaje submarino	Julio Verne	9788466747486

TEMPORALIZACIÓN E CONCRECIÓN DAS ACTIVIDADES ANUAIS PARA A SÚA INTEGRACIÓN NAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

ACTIVIDADES ANUAIS DAS MESTRAS E MESTRES:

- Dossier investigación: preparar un dossier coa presentación do PDI e cun esquema das actividades que se van a levar a cabo ao longo do curso (anuais e bimensuais).
- Itinerarios Lectores: en El e o primeiro ciclo de EP iranse variando ao longo do curso en función do nivel lector dos nenos/as, dos gustos/intereses e do contido traballado. Para o segundo e terceiro ciclo de EP organizarase unha caixa a



comezo de curso cunha selección bibliográfica e cunha reseña escrita onde se poderá incluír unha recomendación.

- Recomendacións Lectoras de Puca.
- Novidades e Meses Temáticos: colocar os libros de novidades e meses temáticos a comezos de cada período bimensual.
- Horario biblioteca: xeral + tempo de lecer.
- Dinámicas de formación de usuarios: ao longo do mes de outubro as persoas encargadas da formación de usuarios presentarán a biblioteca aos nenos e nenas.
- Xornada de portas abertas para as familias: presentación de todos os servizos que ofrece a biblioteca.
- Organización de actividades periódicas para implicar ás familias, cunha previa divulgación a través de diferentes medios. Ex. ENAPAS.
- Préstamo familias.
- Mochilas Viaxeiras: libros para nenas/os + libro banda deseñada + xogos.
- Convivencias (obradoiros, visitas...).
- Catalogación.
- Cursos de formación propostos pola Asesoría.
- Biblioteca Creativa + Polos Creativos + DigiCraft + ITI.
- Contratos – Programa.
- Plan Proxecta.
- Campañas de expurgo.
- InfoPucas.
- RRSS:
 - Concretar: tipo de foto, historia ou publicación, breve descrición xunto coa foto.
 - Protección de datos: non amosar as caras do alumnado.
 - Delimitar o contido en función das RRSS.
 - Todos os cursos enviarán material para publicar nas RRSS do centro.
 - InfoPucas periódicos anunciando as actividades que terán lugar na escola.



- Reunión conxunta de todos os membros do claustro, na última semana de xuño, para implicarnos todas e todos na organización do PDI do curso 2024-2025, a través dunha chuvia de ideas.

IDEAS XERAIS DO PDI:

O produto social relevante do PDI deste ano será a creación, montaxe e organización dunha exposición fotográfica chamada "NAMOR-ARTE" nas antigas carboeiras de Sargadelos.. **Sempre dicimos que Bibliocervo** é o corazón do cole, xa que da biblioteca parte todo o que facemos no curso. Este corazón ten unhas arterias moi importantes e o PDI deste curso nace dunha delas: Voz Natura, cuxo proxecto chámase "A nosa fauna e flora... Namora".

Despois de analizar minuciosamente as propostas recibidas polos membros do claustro e valorar a posibilidade de incorporar diferentes expresións artísticas como a danza, a música, a fotografía ou a cociña, decidiuse relacionar a arte coas emocións. "NAMOR-ARTE" ten como obxectivo ampliar o noso vocabulario emocional a través de diferentes manifestacións fotográficas, xa que incorporar as disciplinas anteriores era querer abarcar demasiado e por iso, propoñemos que en futuros PDIs se teñan presentes estas temáticas.

Comezaremos no mes de outubro cun obradoiro de fotografía para todo o alumnado tendo en conta os recursos que temos na biblioteca e no espazo de Polos Creativos.

A organización das actividades propostas para a creación da exposición fotográfica responderá a unha mesma estrutura durante todos os bimeses, que será seguinte:

1. Presentación de dúas emocións primarias (en termos xerais), a cada unha das aulas. Esta presentación farase a través dun xogo de letras (por exemplo, Wordle) no que o alumnado terá que adiviñar de que emoción se trata.
2. Obradoiro das emocións primarias presentada por parte de especialistas.
3. As nenas e nenos, despois da información recibida, terán que manifestar esa emoción a través de fotografías realizadas por elas/eles ou guiadas/os no caso dos cursos inferiores, empregando o estilo traballado na formación anterior.
4. Presentación de emocións secundarias relacionadas coa emoción primaria a través de

xogos de conciencia silábica adaptados ao nivel das nenas e nenos. Unha vez descubertos ditos nomes, os grupos terán que asociar as fotos sacadas por elas/eles a cada unha das emocións secundarias.

5. Exposición ao remate de cada bimes coas emocións secundarias e as fotos que manifestan cada unha delas, nun dos corredores da escola. Será unha exposición temporal, cambiando cada bimes segundo a emoción que se traballe no mesmo.

O produto social relevante será a exposición de todas as fotografías emocionais creadas **ao longo do curso no complexo de Sargadelos. Para iso, a organización** constará de varias tarefas que levará a cabo o alumnado da escola, estas tarefas serán:

- Creación de códigos QR coa explicación da exposición: EI.
- Deseño da carteleira que anunciará a exposición: 1º ciclo de EP.
- Contactar co concello e entidades colaboradoras para solicitar permiso e axuda: 2º ciclo de EP.
- Organización da exposición no complexo: 3º ciclo de EP.

ACTIVIDADES ANUAIS PARA O ALUMNADO:

- Axudantes de Puca. As funcións dos axudantes serán:
 - Préstamo en Koha.
 - Colocar libros.
 - Poñer etiquetas.
 - Ordenar biblioteca.
 - Escoller e colocar os libros nas baldas de Meses Temáticos e Novidades Lectoras.
- RRSS: facer partícipe ao alumnado a través de dinámicas como CervoTwitterxs, as recomendacións lectoras, conmemoracións...
- Canto conto ten... No tempo de lecer dos martes, o alumnado que o desexe pode asistir a Biblicervo a ler/contar un conto.
- Momentazo de ler: os xoves, na hora de ler, animamos a todas as persoas da Comunidade Educativa a compartir un momento de lectura todas xuntas.
- Os venres de Radio: todos os venres existirá a posibilidade de utilizar a radio para fomentar a destreza da fala a través de podcast, charlas, coloquios, entrevistas cun moderador/a.
- Club de Lectura: os mércores levarase a cabo o Club de Lectura.



- Xornal "Nin quito nin poño": o guión do xornal estará especificado a comezos de curso e cada nivel escollerá o artigo que lle apeteza elaborar para ir entregando ao longo dos meses (e evitar entregar todo ao final).
- Pezas Únicas: elaboración das pezas únicas empregando estratexias que estean relacionadas coa temática do PDI.
- Verbas Máxicas: a escolla das verbas máxicas farase a través dunha votación entre o alumnado, o cal decidirá a verba e o lugar onde se pintará, previa selección do profesorado.
- Recomendacións Lectoras entre o alumnado: as recomendacións poderanse facer a través de diferentes medios: cunha reseña escrita, un vídeo, un podcast... para darlle visibilidade nas RRSS do centro.
- Textos de uso social: aproveitaremos actividades como o magosto, noite na biblio, invitacións a diferentes eventos... para que o alumnado elabore textos funcionais.
- Brigadas Verdes.
- Invernadoiro.
- Descansos Activos.
- Proxecto "Agrupaciones de centros educativos".
- Proxecto "Observa-Acción".

ACTIVIDADES BIMENSUAIS PARA O ALUMNADO:

SETEMBRO E OUTUBRO - HABELAS HAILAS

- Actividades relacionadas co PDI:
 - Entrega do dossier coa planificación anual sobre o PDI. Explicar o produto social relevante e o proceso para chegar a el.
 - Ao comezo do bimes darase a coñecer o título do PDI ao alumnado e Comunidade Educativa.
 - Actividades para todo o centro:
 - Apertura da biblioteca no mes de Outubro.
 - 13S - Día de Roald Dahl. Exposición de contos e visionado película Matilda.
- BIBLIOTECA**
- Samaín organizado por **EACE**.
 - Canto conto ten... de medo! **BIBLIOTECA**



- 24O - Día Internacional das Bibliotecas Escolares: Xuntanza na biblioteca para dar a coñecer os novos usuarios e os axudantes de Puca. Posteriormente farase a formación de usuarios. **BIBLIOTECA**
- 25O - Día Internacional da Pel de Bolboreta.
- Calendario Anual organizado por **EDLG**.
- Obradoiro de fotografía para todo o alumnado. **BIBLIOTECA**
- Carreira Solidaria: contactar con todas as asociacións que traballen con alumnado do centro. Organizado por **EACE**
- Outras conmemoracións (titorías):
 - 26S - Día Europeo das Linguas.
 - **CodeWeek: do 7 ao 22 de outubro. POLOS CREATIVOS**
- NOVEMBRO E DECEMBRO - NADAL MAKER**
- Actividades relacionadas co PDI:
 - A comezo do bimes facilitarase a ligazón para descubrir as emocións primarias a traballar neste bimes (MEDO E SORPRESA).
 - Obradoiro de emocións.
 - A comezo do segundo mes do período, entregaranse uns sobres coas probas de conciencia silábica para descubrir as emocións secundarias e asociar as imaxes.
 - Exposición temporal das fotografías asociadas por emoción.
- Actividades para todo o centro:
 - 11N - Magosto + Día do Peón organizado por **EACE**.
 - 25N - Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a muller organizado por **EDLG**.
 - 3D - Día Internacional das Persoas con Discapacidade organizado por **DO**.
 - Fin de trimestre organizado por **EACE**.
- Outras conmemoracións (titorías):
 - 4N - Día da Ciencia en Galego (temática IGACIENCIA). **POLOS CREATIVOS**
 - 20N - Día Universal da Infancia
 - 30N a 7D - Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia
 - 10D - Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos



XANEIRO E FEBREIRO - PAZ, AMOR E ROCKSALÍA

- Actividades relacionadas co PDI:

- A comezo do bimes facilitarase a ligazón para descubrir as emocións primarias a traballar neste bimes (IRA E CALMA).

- Obradoiro de emocións.

- A comezo do segundo mes do período, entregaranse uns sobres coas probas de conciencia silábica para descubrir as emocións secundarias e asociar as imaxes.

- Exposición temporal das fotografías asociadas por emoción.

- Actividades para todo o centro:

- 30X - Día Escolar da non Violencia e a Paz organizado por DO. XINCANA DE XOGOS DE EMOCIÓN

- Entroido (semana do 12 de febreiro) incluíndo a Festa da Auga: obradoiro internivel para elaborar os disfraces baseándonos na película "Insiste Out" e xuntanza o venres de Entroido para facer o desfile. Organizado por EACE.

- 23F - Día de Rosalía organizado por EDLG

- Outras conmemoracións (titorías):

- 24X - Día Internacional da Educación

- 8F - Día Internacional da Internet Segura

- 11F - Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

- 18F - Día Internacional da Síndrome de Asperger

- 21F - Día da Lingua Materna

MARZO E ABRIL - UN NENO, UN MESTRE, UN LIBRO E UN LAPIS PODEN CAMBIAR O

MUNDO Érase unha vez...

- Actividades relacionadas co PDI:

- A comezo do bimes facilitarase a ligazón para descubrir as emocións primarias a traballar neste bimes (ALEGRÍA E TRISTEZA).

- Obradoiro de emocións.

- A comezo do segundo mes do período, entregaranse uns sobres coas probas de conciencia silábica para descubrir as emocións secundarias e asociar as imaxes.

- Exposición temporal das fotografías asociadas por emoción.
 - Actividades para todo o centro:
 - Semana da Prensa (do 4 ao 8 de marzo). Busca de vocabulario emocional e referencias emocionais nas notas de prensa para dar resposta a cuestións como: fálase de emocións nas novas? Organizado por **BIBLIOTECA**
 - 8M - Día Internacional da Muller. Organizado por **EDLG**.
 - Semana do Libro (do 22 ao 26 de abril) + 23A - Día do libro: fotos con portadas de libros. Cada nena e neno escollerá o seu libro favorito de Bibliocervo e terá que sacar unha foto integrando a portada na mesma. O propio Día do Libro (23A) faremos un apadriñamento lector. Organizado por **BIBLIOTECA**
 - Outras conmemoracións (titorías):
 - 15M - Día Mundial dos Dereitos do Consumidor
 - 21M - Día da Árbore e da Auga
 - 21M - Día Internacional da Síndrome de Down
 - 21M - Día da Poesía. Obradoiro
 - 21M - Día Internacional da Solidariedade cos Pobos que Loitan contra o Racismo e Discriminación Racial
 - 27M - Día Mundial do Teatro
 - 1A - Día das Artes Galegas **POLOS CREATIVOS**
 - 2A - Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo
 - 7A - Día Mundial da Saúde
 - 22A - Día Internacional da Nai Terra
- MAIO E XUÑO - A ARTE DAS LETRAS**
- Actividades relacionadas co PDI:
 - Organización da exposición fotográfica "NAMOR-ARTE" nas antigas carboeiras de Sargadelos.
 - Creación de códigos QR coa explicación da exposición: El.
 - Deseño da carteleira que anunciará a exposición: 1º ciclo de EP.



- Contactar co concello e entidades colaboradoras para solicitar permiso e axuda: 2º ciclo de EP.
- Organización da exposición nas antigas carboeiras de Sargadelos: 3º ciclo de EP.
- Actividades para todo o centro:
 - 17M - Día Internacional contra a LGTBIfobia: obradoiros co gabinete de sexoloxía Con Mucho Gusto organizado por **DO**.
 - Semana das Letras Galegas (do 13 ao 17 de maio). Organizado por **EDLG**.
 - 31M - Aniversario de Puca. Obradoiro internivel para organizar o aniversario de Puca: decoración, doces (dous grupos), invitacións, canción de Puca, agasallo para Puca...

BIBLIOTECA

- 1X - Día da Arte Galega na Escola. Organizado por **POLOS CREATIVOS**
- Festa de Fin de Curso organizada por **EACE**
- Outras conmemoracións (titorías):
 - 2M - Día Internacional contra o Acoso Escolar
 - 9M - Día de Europa
 - 17M - Día da Reciclaxe.

ANEXO II

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (PAADO)

INTRODUCCIÓN

Segundo o Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde que o desenvolve do 24 de xullo de 1998, a orientación educativa enténdese como un proceso que comeza no momento da escolaridade e remata ao finalizar as ensinanzas de ensino non universitario e no que se inclúe a toda a comunidade educativa. Nos documentos legislativos indícase ademais que este proceso é unha parte esencial da actividade educativa, establecendo unha vía de asesoramento permanente ao profesorado e ás familias. En relación á organización e funcionamento do Departamento de Orientación, a elaboración do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación (PAADO) ven recollida nesta mesma Orde do 24 de xullo do 1998, que no seu artigo 11 b determina que é función da xefatura do departamento de orientación “responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso”.

Neste PAADO establécense as actuacións a desenvolver polo Departamento, os responsables de cada actuación, as persoas ás que van dirixidas e a temporalización.

ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
1	Proposta de atención alumnado do profesorado de PT/AL e de profesorado con horas de libre dispoñibilidade	DO Orientadora	Xefatura de estudos	Todo o curso
2	Revisión e actualización dos documentos do DO (PXAD/PO)	DO Orientadora	Director, claustro de profesores	Todo o curso
3	Elaboración e aprobación do PAADO	DO Orientadora	Director, claustro de profesores, comunidade educativa	1º trimestre
4	Elaboración da concreción PXAD para PXA	DO Orientadora	Director, claustro de	1º trimestre



			profesores	
5	Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes	Orientadora	Demandantes, equipos docentes e familias	Con carácter xeral, 1º e 2º trimestre
6	Actualización dos informes psicopedagóxicos existentes	Orientadora	Equipos docentes e familias	1º trimestre
7	Coordinacións cos servizos externos ao centro (EOE, Unidade de Atención Temperá, SERGAS, Servizos Sociais, gabinetes externos...)	DO	Equipo docente	Todo o curso
8	Elaboración de informes para as bolsas NEAE do ministerio	Orientadora	Alumnado e familias	Setembro
9	Cubrir datos estatísticos (DRDadi, DRDorienta)	Orientadora	Consellería	1º e 3º trimestre
10	Solicitud de continuidade de persoal coidador	Orientadora	Inspección	Maio
11	Cubrir datos solicitados por Inspección (protocolos abertos, relación alumnado NEE/NEAE...)	Orientadora	Inspección	Todo o curso
12	Proposta de actividades para conmemorar o "Día das persoas con discapacidade" (3-D)	DO	Comunidade educativa	1º trimestre
13	Realización dunha proba screening ao alumnado de 6º EI	Orientadora	Equipo docente	3º trimestre
14	Avaliación do PAADO	DO	Director, claustro de profesores	Maio-xuño
15	Avaliación da PXAD/PO	DO	Director, claustro de profesores	Maio-xuño
16	Memoria DO	DO Orientadora	Director, claustro de	Xuño



			profesores	
17	Participación nas sesións de avaliación	Orientadora	Equipos docentes	Ao inicio do 1º trimestre (avaliación inicial) e ao remate de cada trimestre
18	Reunións mensuais do Departamento	DO	Membros do DO	Un luns ao mes de 17:00 a 18:00 h
19	Asesoramento e/ou participación na realización e seguimento das AC	Orientadora	Xefatura de estudos, equipos docentes, profesorado de apoio especializado	Todo o curso
20	Asesoramento xeral na acción tutorial	Orientadora	Profesorado	Todo o curso
21	Asesoramento e colaboración na elaboración e/ou revisión de documentos do centro	Orientadora	Equipo directivo e claustro de profesores	Todo o curso
22	Actuacións promotoras de convivencia	DO	Comunidade educativa	Todo o curso
23	Coordinación co DO do IES adscrito	Orientadora	Alumnado	Todo o curso
24	Visita ao IES	Orientadora e titora de 6º	Alumnado	Xuño
25	Proposta de adquisición de material para o D.O.	Orientadora, PT e AL	Dirección	Todo o curso

HORARIO DA ORIENTADORA

Como consideración previa, compre sinalar que ao tratarse dunha orientación compartida, a orientadora realiza o seu traballo en dous centros co correspondente reparto do seu horario. No CEIP de Cervo fixéronse os luns, mércores e venres co horario que a continuación se presenta:

HORARIO	LUNS	MÉRcores	VENRES
	ATENCIÓN Á COMUNIDADE	ATENCIÓN Á COMUNIDADE	ATENCIÓN Á COMUNIDADE



9:35 – 14:35	EDUCATIVA E DESENVOLVEMENTO DO PAADO	EDUCATIVA E DESENVOLVEMENTO DO PAADO	EDUCATIVA E DESENVOLVEMENTO DO PAADO
	ATENCIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA E DESENVOLVEMENTO DO PAADO	ATENCIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA E DESENVOLVEMENTO DO PAADO	ATENCIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA E DESENVOLVEMENTO DO PAADO
	ATENCIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA E DESENVOLVEMENTO DO PAADO	ATENCIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA E DESENVOLVEMENTO DO PAADO	BIBLIOTECA
	LECER	LECER	LECER
	COORDINACIÓN DO	ATENCIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA E DESENVOLVEMENTO DO PAADO	BIBLIOTECA
	ATENCIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA E DESENVOLVEMENTO DO PAADO	ITINERANCIA	ITINERANCIA

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

No mes de xuño realizarase a avaliación deste Plan, que se incorporará á memoria do Departamento de Orientación.